

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 26 de abril de 2018 pola que se modifica a Orde de 4 de abril de 2018 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización de alumnado de atención preferente.

No DOG núm. 77, do 20 de abril de 2018, publicouse a Orde do 4 de abril pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

Con motivo do incremento e/ou do cambio no perfil dalgunha das prazas recollidas no anexo III e a necesidade de corrección do epígrafe 4.4 do anexo II, cómpre modificar os ditos anexos e o prazo de presentación de solicitudes.

Na súa virtude, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro. *Modificación do anexo II*

O punto 4.4 do anexo II queda redactado do seguinte xeito:

4.4. Pola impartición das actividades de formación indicadas no subpunto 4.2 e non baremadas no subpunto 4.2 (0,10 puntos por cada 3 horas de formación acreditadas): ata 1 punto.

Segundo. *Modificación do anexo III*

O anexo III da Orde do 4 de abril de 2018 modifícase nos seguintes termos:

ANEXO III

Código do posto	Centro	Prazas	Localidade	Provincia
1514	15013643-CEIP Plurilingüe A Magdalena (2)	1 PT	As Pontes de García Rodríguez	A Coruña
1520	15032959-CEIP Vicente Otero Valcárcel (8)	1 PT	Carral	A Coruña



Código do posto	Centro	Prazas	Localidade	Provincia
3206	32011755-CEIP Manuel Respino (6)	1 AL afín PT	A Rúa	Ourense
3601	36001148-CPI A Cañiza (6)	1 PT	A Cañiza	Pontevedra
3602	36001148-CPI A Cañiza (6)	1 AL Requisito: coñecemento de linguaxe de signos	A Cañiza	Pontevedra
3609	36017201-CEE Pontevedra	1 EF	Pontevedra	Pontevedra
3610	36017201-CEE Pontevedra	1 EM	Pontevedra	Pontevedra
3611	36017201-CEE Pontevedra	1 AL	Pontevedra	Pontevedra
3612	36017201-CEE Pontevedra	2 PT	Pontevedra	Pontevedra

Terceiro.

O prazo de solicitudes amplíase dez (10) días hábiles, que comezará a computar desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

